



BASES CONCURSO “FRIOL EN IGUALDADE 2020”

1. OBXECTO DO CONCURSO

O obxectivo do concurso é promover a creatividade e a participación cidadá a través da promoción de valores de igualdade entre homes e mulleres, coeducación, eliminación de estereotipos de xénero e, en todo caso, a eliminación de toda forma de violencia de xénero.

A imaxe gráfica que resulte gañadora, poderá ser utilizada polo Concello de Friol para a accións de sensibilización, atención e apoio á loita contra a violencia de xénero.

2. PARTICIPANTES

Poderán participar tódalas persoas que o desexen, a título individual ou en equipo.

As bases e o Anexo I poden ser descargados na web do Concello de Friol.

Cada participante poderá presentar un máximo de 3 traballos diferentes.

3. CONDICIÓNS TÉCNICAS DOS TRABALLOS

3.1 CONDICIÓN XERAIS

O deseño do cartel deberá cumprir os seguintes requisitos:

- No cartel deberá aparecer un lema elixido pola propia persoa concursante ou equipo de persoas concursantes.
- O tema da imaxe do cartel deberá estar relacionado coa loita e erradicación da violencia de xénero na nosa sociedade, en tódalas súas posibles manifestacións.
- Os traballos deberán ser inéditos e orixinais, non podendo ser presentados traballos presentados a outros certames. Os autores e autoras serán os e as responsables ante o Concello e fronte a terceiros do cumprimento do establecido nas bases.
- Excluíranse aqueles traballos que inclúan connotacións agresivas ou que poidan danar a sensibilidade das persoas.

3.2 FORMATO

- A técnica dos traballos é libre, podéndose presentar traballos realizados en pintura, collage, programas de deseño gráfico...
- Os traballos poderán presentarse en formato exclusivamente de papel ou en papel e dixital.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

- Os traballos en formato papel deben presentarse en tamaño DIN A3 ou DIN A4 e poderán ir acompañados de arquivo dixital.
- Os traballos dixitais entregados, deberanse presentar en formato dixital: BMP, GIF, JPG ou TIF e ter unha resolución mínima de 200X200 píxeles. Entregarase nun USB que irá no interior do sobre de participación xunto cunha copia impresa da obra en tamaño A4 ou A3. O USB será devolto ás persoas propietarias logo de resolto o proceso de elección do xurado.

4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación dos traballos remata o 5 de xullo ás 15:00 horas.

5. LUGAR DE PRESENTACIÓN

Os traballos deberán presentarse nas oficinas de Administración Xeral do Concello de Friol, en sobre pechado indicando no exterior “Concurso Gráfico Friol en igualdade 2020”. Tamén poderán presentarse por calquera dos medios propostos na Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedementos administrativos. En todo caso, na data de remate do prazo deberían estar no Concello.

No interior do sobre deberá incluírse outro sobre que conteña o Anexo I debidamente cumprimentado e firmado polo/a autor/a ou representante legal no seu caso, para garantir o anonimato das persoas participantes.

6. O XURADO

O xurado será designado pola Alcaldía do Concello e decidirá os resultados do concurso, sendo esta decisión inapelable. Á súa, vez o xurado, poderá declarar deserto o concurso se así o estima oportuno.

Ningún membro do xurado poderá participar como concursante

Contra os acordos adoptados polo xurado do concurso, non procederá reclamación algunha, salvo que se posúa razón do estipulado nas presentes bases.

7. FALLO DO XURADO

O xurado reunirse o 8 de xullo de 2020 ás 12:00 horas para valoralas obras presentadas tendo en conta os seguintes termos:

- Lema
- Orixinalidade
- Técnica utilizada
- Visión artística do cartel
- Creatividade

O fallo do xurado será inapelable e darase a coñecer o 9 de xullo a través da táboa de anuncios, da páxina web do concello e da sede electrónica.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

8. PREMIOS

Outorgaranse 3 premios aos mellores traballos daqueles presentados ao concurso, podendo declararse desertos polo xurado:

1º PREMIO: valorado en 300€

2º PREMIO: valorado en 200€

3º PREMIO: valorado en 100€

Os premios serán vales que deberán ser trocados antes do 31 de xullo de 2020 en calquera dos dous establecementos de produtos de papelería do municipio de Friol en produtos de papelería, alimentación saudable.....sinalados a continuación:

- **COUSAS VEXO VEXO (Ana Belén Varela Gil)**
- **CASA REBOLO (María Elena Rebolo Varela)**

9. PROPIEDAD DOS TRABALLOS

A) Mediante o premio, o Concello de Friol adquire en exclusiva tódolos dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes ás obras premiadas e poderá libremente proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado no art. 26 do Texto Refundido e da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, comprendendo tódalas modalidades de explotación e edición, incluíndo os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como dereitos de distribución ou comunicación pública.

B) Os gañadores e/ou gañadoras renuncian sen limitación a calquera reserva de dereitos no seu favor ou a calquera outro dereito sobre o deseño.

C) Os e as participantes no concurso serán responsables fronte a reclamacións que puideran xurdir respecto á orixinalidade das obras presentadas.

D) O concello de Friol resérvase o dereito a facer exposicións cos traballos presentados con independencia de que foran ou non premiados.

10. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do establecido en materia de protección de datos, Regulamento UE 679/2016 e LOPDGDD 3/2018 o CONCELLO DE FRIOL, como **Responsable do tratamento**, con enderezo PLAZA DE ESPAÑA, 4.- 27220.- FRIOL.- LUGO infórmalle de que os datos facilitados conforme ás bases deste concurso, e por tanto, en base o seu **consentimento**, utilizarémolos coa **finalidade** de poder xestionar a súa inscrición e participación no “Concurso Gráfico Friol en igualdade 2020”. **Conservaremos** os seus datos **ao menos mentres dure o Concurso (ver apartado 11.Devolución dos orixinais)**. Os seus datos non serán **cedidos** salvo obrigacións legais. Non está prevista a transferencia internacional de datos salvo con fines de almacenamento e en todo caso mediante garantías adecuadas.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Pode **contactar co responsable**, así como exercer os **dereitos** de acceso, rectificación, supresión, portabilidade, limitación ou oposición ó tratamento, dirixíndose mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou por e-mail administracion@concellodefriol.es. Ten dereito a reclamar ante a Autoridade de Control de protección de datos. Para **información adicional pode** consultar na web www.concellodefriol.es

11. DEVOLUCIÓN DOS ORIXINAIS

Os traballos presentados a concurso non premiados poderán ser expostos na celebración do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero 2020, podendo ser recollidos no mesmo lugar que se presentaron ao longo do mes de decembro 2020. Unha vez transcorrido o prazo, os carteis que non foran recollidos das instancia municipais pasarán a ser propiedade do Concello de Friol.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a total aceptación polos concursantes destas Bases, así como a interpretación que das mesmas poida facer o xurado no seu momento.